

REGULAMENTO DA “II SAN SILVESTRE SOLIDARIA” DE VILA DE CRUCES

31 de Decembro de 2016

1- O Concello de Vila de Cruces, organiza a “ II San Silvestre Solidaria” de Vila de Cruces , que terá lugar o **Xoves 31 de Decembro de 2016**. Trátase dunha proba de carreira a pé non competitiva e non federada que pretende o disfrute da actividade física.. Conta con 2 recorridos un de 750 m. e outro de 3,5, km.

2.- Poderán participar todos aqueles deportistas **maiores de idade** (ou menores de idade con autorización paterna) que acepten e cumpran as condicións regulamentarias da proba e que se inscriban no xeito e prazos precisos.

3.- O prazo de inscrición permanecerá aberto dende o día 13 de Decembro de 2016 ata o 30 de Decembro do 2016, ou unha vez inscritos un total de **150 participantes**. Para facer efectiva a inscrición será necesario inscribirse na páxina www.emesporst.es

4- Como especificamos no punto 1 deste regulamento, esta proba é non competitiva polo que non haberá cronometraxe nin clasificación final, xa que o obxectivo que persegue este tipo de probas é o fomento da actividade físico deportiva entre a poboación, así como axudar nestas datas as familias máis necesitadas e con menos recursos.

5- A inscrición de dita proba é gratuita, so é obligatorio traer alimentos non perecedeiros o día da proba, que haberá a posibilidade de depositalos na praza “ Juan carlos I” na hora da saída da mesma.

6.- A **saída da proba será as 17:00 horas para o circuito de 750 m. e as 17:15 para o circuito de 3,5 km do Concello de Vila de Cruces “Juan Carlos I”**.

7- O percorrido da carreira será circular, como expuxemos nos puntos anteriores habera 2 circuitos.

1º- 750 m. para os nados no ano 2005-2006 e posteriores

2º 3.5 km para os nados 2003-2004 e anteriores.

8- Haberá premios para a vestimenta mais orixinal:

- premio ó mellor disfraz individual e grupal (Infantil)
- Premio ó mellor disfraz individual e grupal (Senior)

9.- O percorrido da carreira será polo casco urbano de Vila de Cruces, dito percorrido estará cerrado o tráfico durante o periodo da mesma, aínda así recomendamos a tódolos participantes ter coidado por se algún vehículo salta calquera sinalización que estea colocada para o corte da circulación.

10.- A **“II San silvestre solidaria do Concello de Vila de Cruces”** contará con servizo de ambulancia para calquera incidente que se poida producir durante a realización da proba. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a neglixencia dos participantes.

11- Ó remate da proba haberá unha chocolatada gratuíta para tódolos participantes.

11.- O feito de inscribirse na proba suporá a TOTAL aceptación das bases que conforman este regulamento.